



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a Orde do 29 de decembro de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (Diario Oficial de Galicia número 16 do 25 de xaneiro de 2022) pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinada a entidades locais de Galicia.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 59/2022 de data 25/02/2022 pola cal se aproban as bases que rexerán a convocatoria para a contratación temporal de 1 traballador (1 TÉCNICO FORESTAL PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS) ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022 e se convocan as probas selectivas.

Visto que nas citadas Bases, a modalidade contractual indicada é contrato de traballo temporal a tempo completo durante 7 meses, dende o 14 de marzo ata o 13 de outubro de 2022.

Visto que o prazo de presentación de solicitudes é de 3 días hábiles, rematando o mesmo o 07/03/2022.

Visto que, segundo a base 5º das Bases Reguladoras, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica, valoración de méritos e, de ser o caso, proba de galego.

Visto que se concede aos aspirantes excluídos un prazo de 2 días hábiles contado dende o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Vista a imposibilidade por razón de tempo e cumprimento de prazos de, segundo o indicado anteriormente, realizar o proceso selectivo e resolver o mesmo para proceder á formalización do contrato de traballo o día 14/03/2022.

Considerando todo o exposto,





RESOLVO

Primeiro.- Modificar as datas de inicio e fin do contrato de traballo, pasando a ser as seguintes:

- Inicio do contrato de traballo: 21/03/2022
- Fin do contrato de traballo: 20/10/2022

Segundo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na Sede Electrónica.

O Valadouro, na data de sinatura á marxe.

O Alcalde- Presidente.

Asdo. Edmundo Maseda Maseda.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

